

PROVINCIA



Tribuna

XOSE BENITO REZA
Medioambientalista

No aniversario de San Rosendo

Por estas datas sempre acostuma visitar a miña memoria San Rosendo, e este ano con máis razón. Primeiro porque o 26 de novembro, véspera dos santos Facundo e Primitivo, é o aniversario de Rudesindo Gutiérrez; un santo aristócrata, fillo dos magnates, o conde Gutier Méndez e a condesa Ilduara Eriz, da máis alta prosapia galega, neto do campión Hermenexildo que foi *militer magister* dos exércitos reais de Afonso III e conquistador de Coimbra no 878, primo carnal de Ramiro II por casamento da súa tía paterna Elvira con Ordoño II, que estivo en Celanova no 942 consagrando a fundación cos príncipes Sancho e Ordoño. E vexo cos ollos da memoria, este mesmo día, Xosé Cid e Anxo, paseando felices pola praza maior, á espera de entrar na misa de oito, mentres as pombas se acomodan nas repisas da fachada da igrexa abacial.

Pero é que, ademais, tiven a sorte de ser convidado hai unha semana á presentación da magnífica obra de dúas periodistas novas (Laura F. Espinosa e Mónica V. Lopo): *“El Camino de Santiago por las tierras de Rosendo”*; un precioso e preciso traballo sobre este itinerario histórico que seguindo a traza da Vía Nova romana nos levará dende Braga ata Ourense, as vellas capitais suevas, e logo xa, polo camiño mozárabe, a Compostela. Unha magnífica obra editada pola Deputación provincial onde, logo de moitas horas de viaxe e dun minucioso traballo, as autoras van falando do personaxe, de historia e arte, de xeografía e paisaxe, dos interesantes lugares por onde se pasa; todo magnificamente ilustrado e acompañado dunha detallada cartografía; todo tan ben presentado que a un xa lle dan ganas de coller o libro e o caxato e botarse a mochila ás costas. Agora se propón acertadamente que este camiño comece en Santo Tirso, patria de San Rosendo, onde parece van colocar a placa do “quilómetro cero”.


Santo Tirso... claro. Todo comezou alí, hai máis de mil anos, nesta gran vila sita nas ribeiras frescas e recendentes que baixan, ateigadas de hortas e bacelos, ata o río Ave, un lugar privilexiado entre as cidades de Porto e Braga. Aló fun eu tamén, no mes de setembro de 1990, hai xa trinta e dous anos, procurar o berce de Rosen-



Fachada principal del monasterio de San Rosendo, en Celanova.

“Rudesindo Gutiérrez, un santo aristócrata, fillo do conde Gutier Méndez e a condesa Ilduara Eriz”

do Gutiérrez, o personaxe máis respectado do século X no vello reino cristián de Gallaecia. Daquela aínda se discutía deste lado da fronteira sobre cal sería realmente o lugar de nacemento do santo fundador: que se Salas en Asturias de onde sería orixinaria a familia da súa nai; que se a Cela de Lobios a carón do río Salas concordantes os topónimos; que se a vila de Araúxo que tal defendía o historiador Benito Fernández Alonso... O que atopei deixoume pasmado, porque alí, en Portugal, en Santo Tirso, todo o mundo sabía de San Rosendo. *“Un tirsense na gloria”*, dicían oufanos. Alí estaba, tal e como nos contara o biógrafo medieval Ordoño, o seu berce, a pía bautismal na igrexa de San Mi-



Portada del libro “Las tierras de Rosendo”.

guel do Couto, o mosteiro de San Salvador no Monte Córdoba onde subía esforzadamente nai Ilduara. Tanto sabían os portugueses do “meu” santo que aquela inescusable xornada rematei, logo de estar na súa imponente quinta, no chalé de Eurico de Melo, dun home que o sabía todo de San Rosendo, que estivera en Oviedo, en León, en Santiago, en Celanova... seguindo fielmente os seus pasos. E eu alucinei, alucinaba escoitando falar con tanta paixón do santo que fundara a miña vila galega. E aínda abraiei máis cando o dono

da pensión me dixo, morto de risa ao ver a miña cara de estupefacción, que o home con quen estivera falando ata altas horas da madrugada era o ministro de defensa de Portugal, pois el nada me dixera.

Hoxe, felizmente, mudaron moito as cousas, porque a miña “aventura” foi publicada en 1992 no número 9 da Trabe de Ouro, a revista de Méndez Ferrín, e, deseguido, aquel mesmo ano, os concellos de Celanova e Santo Tirso asinaban un acordo de irmandade que se anova todos os anos e do que este se celebrou o seu trinta aniversario. E eu, para referendar o meu compromiso co personaxe e a historia, promovín no 2007 dende a Xunta de Galicia e co apoio do Ministerio de Medio Ambiente o “Camiño Natural de San Rosendo”, quedando executado o tramo entre a fronteira da Portela do Home en Lobios e a cidade de Ourense. E agora temos a Asociación de Amigos do Camiño de San Rosendo e da Raíña Santa, co claro obxectivo de darlle o empurrón final a este engaiolante proxecto de reivindicación dun camiño histórico que nos afunde nos alicerces da época máis frutífera e gloriosa de Galicia: a de Xelmírez, o románico e o Mestre Mateo.



Salida micológica en Lobios.

Lobios y Entrimo celebran las V Jornadas Micológicas

REDACCIÓN.LOBIOS
local@laregion.net

La Baixa Limia celebra este fin de semana la quinta edición de las Jornadas Micológicas Serra do Xurés, con la organización de Miras Xurés y Lirios do Xurés, y contando con la colaboración de los concellos de Lobios y Entrimo. Una treintena de personas asistieron ayer por la mañana a la charla de Alejandro Mínguez en las instalaciones del Parque Natural Baixa Limia en Lobios, para después realizar un recorrido en el que se identificaron medio centenar de especies diferentes, algunas “excelentes comestibles”, pero otras “mortales”, explica Ricardo Mínguez.

Por la tarde, el paseo micológico se trasladó a Entrimo y concluyó con una nueva charla sobre distintos géneros en la biblioteca municipal.

Las actividades concluyen este domingo con una nueva salida por los bosques de Lobios y la elaboración de una comida. ■

Breve

Acordo para a reestructuración parcelaria de Sande

O BNG de Cartelle acadou o apoio da corporación municipal para a adecuación territorial da parroquia de Sande mediante a agrupación, redimensionamento e mellora de estruturas e infraestruturas. Os nacionalistas levaron ao pleno de Cartelle do mes de novembro a demanda que o BNG viña reivindicado desde fai meses, e que foi aprobada de forma consensuada pola maioría dos grupos. ■